



O 12 DE MAIO NO CC ÁREA CENTRAL
DESDE AS 17:00 ATA AS 20:00



V TRÓCAME-ROQUE

NON TE PERDAS O V MERCADIÑO
SOLIDARIO PARA RAPACES E RAPAZAS



APÚNTATE EN:
CRUZ VERMELLA, IES ANTONIO FRAGUAS,
CEIP DE FONTIÑAS E CEIP MONTE DOS POSTES





MEMORIA DO PROXECTO

Data de realización da memoria: Maio 2017.



Esta memoria foi realizada por:



- ✦ **Beatriz Sixto Solar**; traballadora social da UTS Fontiñas (Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela).
- ✦ **María Jesús Viqueira Pérez**; traballadora social da UTS Fontiñas (Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela).
- ✦ **Margarita Vázquez Teo**; educadora social do Programa municipal socioeducativo (Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela).
- ✦ **Alicia Castelo Vieites**; educadora social do Programa de apoio á familia “Abeiro” (Cáritas Interparroquial de Santiago de Compostela).

O proxecto foi implementado grazas á estreita coordinación e colaboración dos profesionais pertencentes á rede comunitaria de Fontiñas, sendo estes os que a continuación se mencionan:



- ✦ *Traballadoras sociais da UTS Fontiñas, Educadora social do Programa municipal Socioeducativo e Psicólogo do Programa municipal de Prevención (os tres dispositivos pertencentes aos Servizos Sociais Comunitarios).*
- ✦ *Orientadora/es do CEIP Fontiñas, CEIP Plurilingue Monte dos Postes e Director/Orientadora do IES Antonio Fraugas.*
- ✦ *Técnica de Xuventude de Cruz Vermell e voluntariado.*
- ✦ *Coordinadora do Centro de Día Arela.*
- ✦ *Educadoras sociais do Programa de atención ás familias Abeiro.*
- ✦ *Coordinadora da Fundación Secretariado Xitano.*
- ✦ *Coordinador e voluntarios da Asemblea de Cooperación pola Paz.*
- ✦ *Traballadora social do Centro de Saúde de Fontiñas.*
- ✦ *Profesionais do colectivo Barriopía*
- ✦ *Alumnado en practicas da USC*
- ✦ *Psicóloga de Servizos Sociais*



Índice

	Páxs.
1. O proxecto de mercadillo solidario “Trócame-Roque” estaba fundamentado en	5
2. E co proxecto pretendíase acadar os seguintes obxectivos	9
3. O desenvolvemento do proxecto	11
3.1.- O inicio	12
3.2.- A “fase PRE”	13
3.3.- A “fase DURANTE”	17
a).- A xornada de mañá	17
b).- A xornada de tarde	18
4. A avaliación de resultados	21
4.1.- Como se fixo a avaliación?	22
4.2.- Avaliación cuantitativa	22
4.3.- Avaliación cualitativa	26
4.4.- Grao de consecución de obxectivos	27
5. A modo de resume	29
6. Os nosos agradecementos	31
7. Anexos	33
7.1.- A actividade nos medios de comunicación	34
7.2.- A actividade en imaxes	40
7.3.- Os soportes documentais	49
8. A modo de reflexión	55



**Trócame-Roque estaba fundamentado en...
1: O Mercadiño solidario**



Fontiñas: un barrio novo, pero que xa ten mais que cumprida a súa maioría de idade, que vai medrando día a día, que avanza na súa consolidación, que pouco a pouco vai reforzando o seu sentimento de pertenza. Xuventude, que é sinónimo de forza; diversidade, que é sinónimo de enriquecemento persoal e social; en definitiva, dificultades, sí; potencialidades, tamén...


Pero Fontiñas ten xa unha importante traxectoria vital... Movements da súa poboación, autonomía das familias condicionada polos diferentes plans de vivendas, unidade dos servizos que traballan na zona, importante labor desempeñada nos últimos anos, etc., aspectos que esixiron que vinte e tres anos despois da constitución do barrio fixéramos unha “parada no camiño” a reflexionar, novamente, cal é a realidade social do barrio, cales son as súas necesidades actuais, cales son as súas potencialidades (que tamén as hai) e cales son as liñas de intervención que deben marcar a actuación dos distintos servizos públicos e entidades sociais nos vindeiros anos. Traballar con obxectivos reais é sinónimo de rigor técnico e profesional, de eficacia e de eficiencia.




A actuación profesional non debe obviar o nivel “asistencial”; hoxe mais que nunca, cobra importancia a cobertura das necesidades básicas da poboación. Por elo, a labor coordinada de todos nós cobra, cada vez mais, unha especial importancia e amosa un novo “punto de encontro”: **todos traballamos cun mesmo fin, o benestar do veciñanza**. Pero non debemos esquecer que hai outros niveis aos que *debemos prestar atención*: a **prevención das situacións de vulnerabilidade social e o esforzo para reforzar o sentimento de “vida comunitaria”**; un firme aposta pola “convivencia”; convivencia “positiva”, fomentando a igualdade social, dende o respecto á diferenza de cada quen, pero tamén dende o exhaustivo cumprimento da **lexislación vixente e dos dereitos constitucionais que asisten a cada cidadán**.

É evidente que “a unión fai a forza”; así o amosa día a día o *traballo coordinado* de tódolos servizos públicos e entidades do barrio. Un traballo comunitario que se albiscaba alá polo ano 1998 e que se evidencia como unha realidade, amplamente consolidada na actualidade. Un traballo coordinado, en rede, que pretende incidir no *benestar do veciñanza*, no fomento da *igualdade social* e da *autonomía persoal*.





Despois dunha análise exhaustiva da realidade social, fíxose unha detección de necesidades¹, que deu lugar ao establecemento de 22 liñas de actuación que deben inspirar o quefacer profesional das distintas entidades sociais, educativas e sanitarias da zona. Inspirándonos na liña 7 (Actividades Comunitarias, que integrasen e implicasen a todo o barrio), comezamos a desenvolver esta proposta que a súa vez abrangue outras liñas de acción, coma son: liña 14 (Impulso de actividades para a xuventude), liña 18 (Activación de procesos de solidariedade social) e liña 20: Propiciar a dinamización social.




¹ Mais información, no apartado de “documentación: Diagnóstico comunitario do barrio de Fontiñas”, da web www.compostelaintegra.org



Tendo en conta que os principais actores da xornada son as rapazas e rapaces que viven na zona e os centros educativos aos que asisten, cómpre ter presente dende a perspectiva educativa, a importancia de que eles tomen conciencia das necesidades sociais que existen no contorno e do que poden aportar para solventalas. Trátase da concreción dun proxecto baseado na “aprendizaxe-servizo”. Contaríase co traballo, implicación e aportacións dos propios menores para acadar un fin solidario. non afastado, senón próximo.

Pártese da idea de que os centros educativos e as restantes institucións sociais teñen unha concepción “aberta á comunidade”: trabállase dende cada ámbito, pero somos capaces de desenvolver unha actividade conxunta, con fins compartidos, e levala a cabo no propio contexto social.

Por último sinalar que para a elaboración do presente proxecto se tivo en conta as aportacións dos propios menores e a avaliación das edicións anteriores (anos 2013,2014, 2015 e 2016), nun contexto dunha programación “participativa”.



2 :: e c o p r o x e c t o p r e t e n d í a s e
a c a d a r o s s e g u i n t e s o b x e c t i v o s



- ✦ Fomentar a participación e a dinamización social na zona.
- ✦ Reforzar os “espazos de encontro” e a “vida comunitaria”, nos que estean presentes os valores da igualdade e da solidariedade social.
- ✦ Implicar e integrar a tódolos axentes sociais do barrio nunha mesma actividade.
- ✦ Activar procesos de solidariedade entre a veciñanza, facéndoos conscientes de necesidades do barrio.
- ✦ Impulsar actividades nas que nenos, nenas, mozos e mozas sexan os protagonistas.
- ✦ Concienciar aos menores sobre a realidade social e comunitaria na que viven e “espertar” neles iniciativas de índole solidaria.
- ✦ Ofertar aos mais novos a posibilidade de que “sexan a voz” que transmita novas iniciativas comunitarias.
- ✦ Difundir a importancia de valorar a interculturalidade.



MI O FUNDADOIRO DO PROXECTO



O sentido deste apartado é poder relatar todo o proceso dende a súa xénese ata a súa posta en escena, os itinerarios seguidos, as dificultades atopadas, pero sobre todo as actuacións levadas a cabo. O proxecto foi medrando como a nosa motivación e implicación, aderezadas cunha boa dose de imaxinación e creatividade.

3.1.- O inicio do proxecto:

- ⊕ O proxecto como tal, en canto a intencións e formato naceu no curso 2012-2013 (ver Memoria 2013², na que se relataba como o entón Xefe de Estudos do CEIP Fontiñas, no contexto dunha xuntanza de barrio mantida naquel intre o 5 de febreiro de 2013, onde plantexaba como idea a organización dun mercadiño, que fora implementado por rapazas e rapaces. A experiencia foi un éxito e provocou que se voltara a levar a cabo ao ano seguinte (2014); novamente, foi valorada polos participantes deste xeito e aconsellou unha terceira implementación do proxecto no 2015 e unha nova edición no ano 2016, por suposto, no 2017. Esta quinta edición, que se nutre das mesmas ilusións, é ademais a materialización das propostas de mellora e suxestións feitas na avaliación do Trócame-Roque 2013, 2014, 2015 e 2016. Mantéñense os principios inspiradores da actividade: o fomento de solidariedade, da convivencia e da igualdade, incorporando ademais outros aspectos non menos importantes:
 - Educar na co-responsabilidade.
 - Sentirse parte activa dunha comunidade.
- ⊕ Nas Xuntanzas de Barrio de Fontiñas mantidas no primeiro trimestre do ano, realizouse unha reflexión sobre proxectos implementados no 2016, e dado os resultados acadados, valórase positivo a súa realización neste ano. Para tal fin, acórdase manter unha xuntanza específica para a súa posta en marcha na que estivesen presentes as entidades interesadas na súa realización.
- ⊕ Seguindo o modelo colaborativo e de traballo en equipo da edición anterior, establécese unha Comisión para a organización do Proxecto, integrada por varios dos compoñentes das Xuntanzas de Barrio de Fontiñas: coordinadora do Centro de Día Arela, coordinadora da Fundación Secretariado Xitano, orientadora/director do IES Antonio Fraguas, orientador do CEIP Plurilingüe Monte dos Postes, orientadora do CEIP Fontiñas, técnica de xuventude de Cruz Vermella, educadoras sociais do Programa de atención a familias “Abeiro”, técnico de prevención en drogodependencias da UMAD, traballadoras sociais da UTS Fontiñas, educadora social do Programa municipal socioeducativo e técnicos da Asemblea de Cooperación pola Paz.
- ⊕ Esta Comisión Organizativa mantivo un total de 4 xuntanzas. Nas primeiras xuntanzas, foise dando forma ao proxecto, co obxecto de dar continuidade ao mercadiño, respectando a idea de manter as estruturas básicas deseñadas na edición anterior en canto a cuestións como:
 - Lugar de realización: de novo, a superficie comercial de Área Central, pola boa acollida e colaboración dos cursos pasados, e por ser un punto referencial para a vida comunitaria.
 - A data: considerouse procedente fixar o 12 de maio de 2017.
 - Con respecto ó nome, a comisión ten claro que Trócame-Roque gusta moito, polo que se decide mantelo, ó igual que o cartaz.

² Documentos da Rede Comunitaria do barrio de Fontiñas en: www.compostela.integra.org



- Igualmente, mantéñense cuestións decididas e clarificadas o ano pasado en múltiples sesións de reflexión, discusión e indagación, sobre o formato do mercadillo: a venda e o troco irán acompañados de actividades, actuacións e talleres. O mesmo con relación ó tipo de vendas, normativas e permisos.
- Tamén queda plantexada a cuestión de para que fin: xorden dificultades para definir a finalidade do mercadillo, decídese concretar esta nunha finalidade socioeducativa do barrio sen especificar a mesma permitindo unha maior flexibilidade no súa finalidade.
- Xa nestes primeiros momentos, tivemos en conta a proposta anterior do alumnado participante de poñer unha porcentaxe mínima da aportación a entregar dos cartos recaudados. Decídese que sexa un 50 % para o fin solidario e un 50 % para os participantes existindo a posibilidade de entregar todo o recadado.

En definitiva, foise creando un “roteiro” coas diversas xestións que se tiñan que ir estruturando e a consecuente asignación de tarefas a cada quen. Coma sempre, facendo camiño ao andar...

3.2.- A fase “PRE”:

A idea estaba clara, so había que levala á práctica fundamentándose na experiencia anterior e na optimización e aproveitamento dos recursos existentes. Primeiramente había que concretar cales serían os fins



aos que se destinaría o proxecto, aspecto que levou a reflexionar sobre a finalidade do anterior proxecto e o seu estado actual de realización. Dado que a finalidade de anteriores edicións estaba cuberta coa axuda municipal de

bolsas para material escolar na etapa de segundo ciclo de educación infantil decidiuse que sería destinado a algunha necesidade socioeducativa do barrio.





A finalidade do proxecto debía facilitar a materialización inmediata e estar destinada a “colaborar na financiación” do gasto dalgunha necesidade socioeducativa detectada na zona, canalizado a través de entidades sociais (Cruz Vermella).

- ✦ Para determinar a data de celebración da actividade tivéronse en conta aspectos a tales como; festividades, calendario de actividades/exames do alumnado dos diferentes centros educativos, existencia ou non de festas patronais, outras accións previstas dende o centros educativos ... Quedou fixada para o 12 de maio de 2017. Non houbo alegacións contrarias nin por parte dos restantes centros educativos nin polas outras entidades.
- ✦ En canto á ubicación, co obxecto de incidir no sentimento de pertenza ao barrio, de activar as súas instalacións, así como a idoneidade do emprazamento do pasada edición e a colaboración brindada polo persoal, acordouse que sería o centro comercial Área Central o lugar mais adecuado para su realización. A traxectoria de colaboracións previas, xunto coa experiencia, mais que positiva, da pasada edición, foron argumentos que reforzaron esta decisión, aos que se debe engadir aspectos tales como: a climatoloxía e a dinamización dunha zona comercial tan importante para o barrio. Profesionais da Fundación Secretariado Xitano e Cruz Vermella mantiveron 3 xuntanzas de coordinación coa xerencia do devandito centro comercial: presentación do proxecto; concreción de aspectos como data, horario, produtos “á venda”, mobiliario e material necesario, organización de espazos e montaxe, son, carteis, etc. A sensibilidade amosada polos seus responsables foi absoluta e brindaron todo o seu apoio a esta iniciativa comunitaria, evidenciando o seu compromiso social co barrio no que están asentados.
- ✦ Preciso tamén era poñer por escrito o contido do proxecto, dándolle un enfoque técnico e introducindo a perspectiva da convivencia positiva; as encargadas de realizar esta tarefa foron a educadora social do programa municipal socioeducativo e as traballadoras sociais da UTS, recollendo as achegas das distintas entidades.
- ✦ Para presentar a actividade e poder divulgala era necesario contar co correspondente cartel. A anterior edición contou cun cartel elaborado pola orientadora do IES Antonio Fraguas, coa axuda dos seus fillos (a quen tamén é xusto agradecer a colaboración). Valorouse pertinente a utilización do mesmo cartel como un elemento de identificación da actividade. A orientadora do IES Antonio Fraguas quedou en realizar os cambios oportunos; logos entidades, reformulación contido, código QR, etc., para introducir na carteleira.



- ✦ Outro aspecto fundamental era estipular o formato de mercadiño que se quería desenvolver: que se podía vender, que se podía trocar, que tipos de permisos eran necesarios. A experiencia das pasadas edicións respostou a moitas dúbidas.
- ✦ Sen deixar nada ao azar, plasmouse por escrito os correspondentes formularios de inscrición e de autorización dos proxenitores ou titores para a participación dos menores na actividade e para a cesión da súa imaxe (este documento figura en anexos). Esta tarefa foi realizada educadora social do



programa municipal socioeducativo e as traballadoras sociais da UTS, recollendo as achegas das distintas entidades.

- ✚ A impresión dos carteis correu a cargo de Area Central; dende a UTS e o Programa Municipal Socioeducativo realizáronse as pegatinas para os membros da organización. A difusión foi realizada por correo electrónico a entidades e persoalmente a usuarios dos diferentes servizos.
- ✚ Estableceuse inicialmente como “puntos de recollida de inscricións” Cruz Vermella, IES Antonio Fraguas, CEIP das Fontiñas e CEIP Plurilingüe Monte dos Postes.
- ✚ Unha vez recollidas as inscricións, realizouse un listado dos diferentes grupos: un total de 53, dos cales 6 pertencían ao IES Antonio Fraguas, 3 a Cruz Vermella, 1 ao Centro de Día Arela, 2 o Programa Abeiro, 10 ao CEIP Monte dos Postes e 30 o CEIP Fontiñas e 1 a Fundación Secretariado Gitano. A elaboración do listado correu a cargo inicialmente da educadora social do Programa municipal Socioeducativo.
- ✚ Elaboráronse soportes documentais específicos para a implementación do proxecto: trípticos informativos, actuacións comunitarias, etc. Esta actividade correu a cargo da educadora social do programa municipal socioeducativo e as traballadoras sociais da UTS
- ✚ A difusión do proxecto fíxose de varias formas:
 - Cada entidade empregou os seus recursos para estender a información mediante difusión directa (xuntanzas, carteis, entrevistas, etc.) e difusión dixital (webs, correo electrónico, etc.).
 - Rolda de prensa celebrada o 8 de maio de 2017, nas dependencias do Concello de Santiago de Compostela. Na mesma participaron Concelleira de Políticas Sociais, a orientadora do CEIP Fontiñas, a educadora social do Programa Abeiro, o director do IES Antonio Fraguas, o orientador do CEIP Plurilingüe Monte dos Postes, o director do IES Antonio Fraguas, a coordinadora da Fundación Secretariado Gitano e o técnico de prevención da UMAD.
 - Para presentar aos diferentes medios de comunicación dende o PASS Fontiñas realizouse un dossier con distinta información (síntese do proxecto, síntese de actuacións comunitarias e tríptico informativo), que foi remitido ao técnico de prevención que o remitiu ao departamento municipal de Prensa para a súa distribución.
 - Utilización de medios dixitais:





- Dende a PASS remitiuse ao departamento de Prensa municipal información do proxecto para ser incorporada na web www.santiagodecompostela.org
- Dende a PASS incorporouse cumprida información na web www.compostelaintegra.org sobre a actividade.
- Difusión directa:
 - As traballadoras sociais da UTS e a educadora social municipal entregaron información por escrito aos diferentes usuarios do servizo na quincena previa á data do proxecto.
 - As traballadoras sociais da UTS e a educadora social municipal, nos dous días previos, realizaron chamadas telefónicas a usuarios do servizo para presentar e divulgar a actividade.
 - As educadoras sociais do Programa de atención a familias Abeiro, do Centro de Día Arela e de Cruz Vermella divulgaron o proxecto entre os seus usuarios, utilizando tamén medios telemáticos (facebook). No caso de Abeiro, informaron na parroquia de Fontiñas, Cáritas Interparroquial, etc.
 - A orientadora e o director do IES Antonio Fraguas fixeron unha difusión entre todo o alumnado do seu centro educativo, co obxecto de acadar a participación dos menores.
 - O orientadora do CEIP Fontiñas divulgou de forma exhaustiva o proxecto entre os rapaces e rapazas do seu centro educativo, co obxecto de que participasen e acudisen a visitar o mercadoño.
 - O orientador do CEIP Plurilingüe Monte dos Postes divulgou o proxecto entre os rapaces e rapazas do seu centro educativo, co obxecto de que participasen e acudisen a visitar o mercadoño.
- O IES Antonio Fraguas, o CEIP Fontiñas, o Centro de Día Arela , Cruz Vermella o Programa Abeiro e a Fundación Secretariado Gitano dinamizaron a participación dos rapaces, traballando directamente cos menores na realización de diversas manualidades.
- Cruz Vermella colaborou, a maiores, con actividades para menores: globoflexia e maquillaxe.
- A asociación Solfa colaborou cunha actividade musical.
- O Programa municipal de Prevención do Concello de Santiago de Compostela colaborou co obradoiro de *Breakdance*, Parkour e graffiti sobre film. Tamén de realizou unha exhibición de Beatbox – *Breakdance e Parkour* .
- A Asemblea de Cooperación pola Paz levou a cabo o Obradoiro de chapas “Lévate a túa personalizada” e recuperou ao grupo de mozas e mozos que participaron no ano anterior no Proxecto “Barrios Abertos” para facer unha reportaxe do mercadoño solidario.
- A coordinadora do Centro de Día Arela, a través do Programa PROINFANCIA de “La Caixa” favoreceu a presenza da actividade do PLANETARIO o longo de toda a xornada.
- As entidades pertencentes á Comisión Organizativa colaboraron aportando diversos materiais para a xornada.



- O colectivo Barriopia levou a cabo unha gravación do mercadiño coa finalidade de crear un vídeo. Así como un Photocoll, actividade a cargo do colectivo Barriopia e o alumnado en prácticas da USC.
- A educadora do programa municipal socioeducativo encargouse da elaboración dos carteis que presentaban a finalidade da actividade. A impresión dos tres carteis correu a cargo desta última profesional.
- A coordinadora da Fundación Secretariado Xitano e o técnico de Cruz Vermella coordináronse con persoal da Area Central, para a organización e distribución dos espazos e material necesario. De novo, a implicación foi elevada.

3.3.- A fase “DURANTE”:

a).- A xornada de mañá:

- ✦ O día comezou ao redor das 11,30 horas, cada profesional na súa entidade, preparando os diferentes materiais que previamente se acordara aportar.
- ✦ Cando eras as 12:30 horas, parte da Comisión Organizativa (integrada polas traballadoras sociais da UTS Fontiñas, a educadora social do Programa municipal socioeducativo, o alumnado en prácticas da USC o técnico municipal de prevención, as educadoras sociais do Programa de atención a familias Abeiro, o técnico de Xuventude de Cruz Vermella e a psicóloga de Servizos Sociais) chegan ás instalacións de Area Central, onde a “coordinadora” e persoal de mantemento esperaban aos profesionais para deixar organizado os diferentes materiais.



- ✦ Mesas xa listas para os distintos postos nas que se coloca o nome do seu posto.
- ✦ A concreción do espazo para a actuación do coro, para a implementación dos obradoiros e actuacións de *Breakdance*, *Parkour* e *Beatbox*.
- ✦ A megafonía foi outra das cousas solicitada para mellorar as actuacións e sería posta a primeira hora da tarde para poder facer probas.
- ✦ A colocación da mesa das entidades, onde se colocaron trípticos informativos, tarxetas do cartaz e outras publicacións, que reflicten o traballo en rede das distintas entidades do barrio.



- ✦ Ao seu carón, panel informativo do proxecto deste ano e o Photocoll.
- ✦ A colocación do peto para recoller as aportacións nun espazo privilexiado para que tivese unha maior visibilidade e importancia que o ano pasado. As compañeiras de Abeiro fixeron un vistoso deseño.

b).- A xornada de tarde:



- ✦ A tarde comezou ao redor das 16:30 horas, cando a Comisión Organizativa esperaba aos distintos participantes do mercadiño, cunha chegada puntual e cargada de ilusión.
- ✦ As rapazas e rapaces acudiron con tódolos medios e elementos materiais para poñer o posto.
- ✦ Dende a Organización distribuíronse os distintos postos .Eles mesmos procederon á colocación dos seus produtos: repostería, artesanía e obxectos para trocar tales como xogos, libros,
- ✦ Dende primeira hora da tarde, a asistencia ao mercadiño foi moi alta, con momentos especialmente intensos de afluencia de visitantes. Isto ocasionou que os diferentes integrantes da Organización se sentiran, ás veces, desbordados, a pesar da organización previa, distribución de tarefas e colaboración activa dos compañeiros da rede comunitaria.
- ✦ Os membros do coro “Solfa” chegaron puntuais e con tempo suficiente para poder ensaiar antes do recital. A actuación excelente, veuse dificultada polos problemas acústicos existentes en Área Central.



- ✦ A xornada foi presentada pola Concelleira de Políticas Sociais e por dous alumnos do CEIP Fontiñas participantes no mercadiño.



- ✦ Dende o colectivo Barriopia realizaron unha reportaxe sobre a actividade.
- ✦ Ó longo da tarde, apreciouse un bo ambiente, un espazo de convivencia, unha representación de tódolos colectivos sociais do barrio que evidenciaba a pluralidade social. O valor inclusivo desta actividade reforzábase tamén nos participantes directos, algún deles con factores de vulnerabilidade (por problemas de saúde, por dificultades sociofamiliares, por diversidade cultural), etc. Non obstante, o público incrementa a súa afluencia, máis avanzada a tarde que nos primeiros momentos.
- ✦ Desenvolvéronse diversos obradoiros, en simultáneo co mercadiño:
 - Cruz Vermella: Obradoiro de maquillaxe e globoflexia.
 - Dentro do Programa de Prevención da UMAD:
 - Obradoiro de parkour. Obradoiro de breakdance e exhibición de beatbox con breakdance e parkour . Exhibición de graffiti sobre film. Estas actividades causaron un enorme éxito entre a poboación asistente.





- Asemblea de Cooperación pola Paz: Obradoiro de chapas “Lévate a túa personalizada”.
- Photocoll, actividade a cargo do colectivo Barriopia e o alumnado en practicas da USC.
- Planetario móbil: “Vive o mundo a astronomía e a bioloxía” a través da Obra social “La Caixa”.



- O colectivo Barriopia levará a cabo unha reportaxe gráfica coa finalidade de crear un vídeo de difusión sobre o mercadoño

✚ Avanzada a xornada chegou o momento de fomentar a valoración do proxecto. Para isto tentouse que os participantes cubriran os cuestionarios e que os asistentes aportaran as súas opinións no “libro de visitas”. Area Central, como o ano anterior, incrementou a súa colaboración, ofrecendo a tódolos menores que participaran nos postos unha pequena merenda, que foi moi agradecida polos mesmos.



✚ Chegado o momento da despedida, diferentes membros Comisión Organizativa (psicóloga de servizo sociais, coordinadora de ARELA, orientadora do CEIP Fontiñas, traballadora social de saúde e educadoras sociais de Abeiro procederon a colaborar co equipo de Area Central na



recollida de lixo, para deixar a zona en perfectas condicións. Mentres outros membros da organización procedían o relato inicial do recadado.



4: A avaliación dos resultados



4.1.- Como se fixo a avaliación?

A avaliación foi *participativa* e *aberta*. Neste sentido, os diferentes participantes (tanto as rapazas e rapaces dos postos como os asistentes) puideron cumprimentar un pequeno *cuestionario*, de forma anónima. No mesmo abordáronse as seguintes cuestións:

1. Valoración da iniciativa.
2. Valoración do interese do proxecto solidario proposto.
3. Valoración das actividades de animación levadas a cabo ao longo da xornada.
4. Suxestións cara a realización doutras actividades comunitarias.

Abreuse tamén un “*libro de visitas*” (elaborado pola Coordinadora do Centro de Día Arela) para que as veciñas e veciños que o quixeran, fixeran constar a súa valoración sobre o proxecto.

4.2.- Avaliación cuantitativa:

Para a realización da avaliación cuantitativa da xornada formuláronse varios indicadores; vexamos o resultado de cada un deles:

Indicador nº 1: Número de postos finais no mercado: 53.

- ⊕ Inicialmente estaban previstos 50 postos ,pero no último momento houbo un importante incremento no que se refire a participación, tendo moito que ver a activa labor desempeñada polos orientadores do CEIP Fontiñas, CEIP Plurilingüe Monte dos Postes e orientadora/ director do IES Antonio Fraguas. Así, dos 50 previstos, pasamos a 53 postos en total.
- ⊕ Os postos desglósanse do seguinte xeito:
 - Cruz Vermella: 3 postos.
 - Abeiro: 2 postos.
 - Arela: 1 posto.
 - CEIP Monte dos Postes: 10 postos.
 - CEIP Fontiñas: 30 postos.
 - IES Antonio Fraguas: 7 postos.

Indicador nº 2: Número de participantes nos postos: 227.

- ⊕ Similar ao que ocorreu no item anterior; había unha estimación inicial de 207 rapazas e rapaces, cifra acadada no anterior e atopámonos con que 227 menores participaron activamente na mesma.
- ⊕ Utilizando como criterio establecido a diferenciación contemplada no artigo 37 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á adolescencia de Galicia, podemos sulñar que o 91,19 % dos



participantes corresponden ao colectivo de “infancia”³ e o 8,81 % , corresponden ao colectivo de “adolescencia”⁴.

- ✚ Suliñar que neste ano a distribución dos participantes foi maioritariamente do colectivo infantil, relacionado isto coa activa difusión realizada dende os Departamentos de Orientación do CEIP Fontiñas e do CEIP Plurilingüe Monte dos Postes. Mantivéronse igualmente as entidades sociais da rede comunitaria de Fontiñas (Programa Abeiro, Centro de Día Arela, Fundación Secretariado Gitano e Cruz Vermella).
- ✚ A distribución de participantes por entidades foi a seguinte:
 - *Cruz Vermella*: 3 postos, 27 participantes.
 - *Abeiro*: 2 postos, 9 participantes.
 - *Arela*: 1 posto, 10 participantes.
 - *CEIP Monte dos Postes*: 10 postos, 34 participantes.
 - *CEIP Fontiñas*: 30 postos, 122 participantes.
 - *IES Antonio Fraguas*: 7 postos, 20 participantes.
- ✚ **Indicador nº 3: Número de visitas aproximado: estímase un número aproximado de 1994 persoas** (información facilitada dende Área Central).
- ✚ **Indicador nº 4: Número de diferentes actividades de animación: 9 actividades inicialmente previstas,** que foron as seguintes:
 - 17,30 horas. Inauguración do mercadiño a cargo da Concelleira de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde e dous rapaces do CEIP Fontiñas
 - 17,40 horas: Actuación musical da Coral Solfa.
 - 17,50 horas: Comenzará a elaborarse o graffitti conmemorativo deste mercadiño solidario
 - 18,00 horas: Obradoiro de Break e Parkour en simultáneo
 - 19,30 horas: Actuación de Break e beatbox
 - 19,45 horas: Actuación de Parkour
 - Ao longo da tarde:
 - *Obradoiros* implementados dende Cruz Vermella; maquillaxe, globoflexia.
 - Obradoiro de “*Leva a túa chapa personalizada*” implementado pola Asemblea de Cooperación pola Paz.

³ *Infancia*: menores con idade igual ou inferior aos 12 anos.

⁴ *Adolescencia*: menores con idade superior aos 12 e inferior aos 18 anos.



- Planetario móbil: “Vive o mundo a astronomía e a bioloxía” a través da Obra social “La Caixa”.
- *Photocoll*, actividade a cargo do colectivo *Barriopia*
- Durante a xornada o colectivo *Barriopia* levará a cabo unha reportaxe gráfica coa finalidade de crear un vídeo de difusión sobre o mercadoño.

⊕ **Indicador nº 5: Número de profesionais e/ou voluntarios ao fronte das actividades de dinamización: 42**, que se desglosan do seguinte xeito:

- ⊕ Ao fronte da actuación musical do coro de Solfa: 20 persoas.
- ⊕ No obradoiro de Cruz Vermella: 10 persoas (2 técnico e 8 voluntarios de Cruz Vermella NEO⁵).
- ⊕ No Obradoiro de *Breakdance* (actividade do Programa de Prevención da UMAD – Concello de Santiago de Compostela): 2 persoas.
- ⊕ No Obradoiro de *Parkour* (actividade do Programa de Prevención da UMAD – Concello de Santiago de Compostela): 1 persoas
- ⊕ No Planetario móbil: “Vive o mundo a astronomía e a bioloxía” : 1 persoa
- ⊕ Na Exhibición de *Breakdance* e *Beatbox* (actividade do Programa municipal de Prevención): 2 persoas.
- ⊕ Na elaboración/exhibición de graffiti (actividade do Programa municipal de Prevención): 1 persoa.
- ⊕ Nas actividades implementadas dende a Asemblea de Cooperación pola Paz: 3.
- ⊕ Nas actividades de *Photocoll* e gravación de vídeo implementadas dende o colectivo *Barriopia* e o alumnado en prácticas da USC :3.


⊕ **Indicador nº 6: Número de participantes aproximado nos obradoiros: 309 persoas.**

- ⊕ No coro de Solfa: 20 persoas.
- ⊕ Nos obradoiros de Cruz Vermella: 50 nenos.
- ⊕ No Obradoiro de *Breakdance* (actividade do Programa de Prevención da UMAD – Concello de Santiago de Compostela): 20 persoas.
- ⊕ No Obradoiro de *Parkour* (actividade do Programa de Prevención da UMAD – Concello de Santiago de Compostela): 15 persoas.

⁵ Con idades comprendidas entre os 15 e os 17 anos).



- ✦ No Planetario móbil: “Vive o mundo a astronomía e a bioloxía”: 169 persoas.
 - ✦ Na actividade de *Photocoll* : 20 persoas.
 - ✦ Nas actividades implementadas dende a Asemblea de Cooperación pola Paz: 115 persoas.
 - ✦ Na elaboración/exhibición de graffiti: 15 persoas.
- ✦ **Indicador nº 7: Recadación e grado de consecución do proxecto solidario: 2.259,4 €, o que supuxo un incremento do 5,16 % con respecto á edición anterior e que vai en consonancia cunha maior afluencia de público, maior número de participantes, maior dinamización, etc. A nivel cuantitativo a recadación destes anos foi:**
- ✦ **Ano 2013 (1ª edición): 360,43 €** (fin solidario: destinado a apoiar a unha familia en situación de exclusión social).
 - ✦ **Ano 2014 (2ª edición): 604,02 €** (destinado a apoiar a familias en situación de precariedade económica, para a adquisición de material en Ensino Infantil).
 - ✦ **Ano 2015 (3ª edición): 2.002 €** (destinado a apoiar a familias en situación de precariedade económica, para a adquisición de material en Ensino Infantil).
 - ✦ **Ano 2016 (4ª edición): 2.119,88 €** (destinado a apoiar a familias en situación de precariedade económica, para a adquisición de material en Ensino Infantil, material para bancos de libros dos centros educativos da zona e actividades con dobre finalidade: educativa e comunitaria).



Fonte: UTS Fontiñas – Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela, ano 2016.

Pero unha avaliación para ser **participativa debe ter en conta o punto de vista da cidadanía, tanto dos participantes como dos asistentes**. Realizouse un pequeno cuestionario de avaliación que contemplaba tres aspectos a avaliar (a iniciativa, o proxecto solidario e as actividades de avaliación) e un aberto a suxestións globais. Os items de valoración ían do 1 ao 5, onde o 1 é a valoración mais baixa (nada satisfeito co realizado) e



o 5 a valoración mais alta (moi satisfeito co realizado). Recolléronse un total de **173 cuestionarios**, cumplimentados todos de xeito anónimo (é dicir, a unha mostra que representa o 76.21 % dos menores participantes). Centrémonos agora na avaliación propiamente dita:

- ✦ **Cuestión 1: Cómo valorarías a iniciativa?** A valoración deste apartado reflicta un grao de satisfacción moi elevado, que se aproxima á puntuación máxima de 5. Dos resultados obtidos un 77,64% puntuou este apartado cun 5, un 34% puntuou cun 4 e un 2,35% cun 3.
- ✦ **Cuestión 2: Qué grao de interese ten o proxecto solidario ao que vai destinado o proxecto?** A media de valoración deste apartado segue reflicta un grao de satisfacción moi elevado, que se aproxima á puntuación máxima 5. Dos resultados obtidos un 76,47% puntuou este apartado cun 5, un 18,8% puntuou cun 4 e un 5,3% cun 3.
- ✦ **Cuestión 3: Cómo valorarías as actividades de animación levadas a cabo ao longo da xornada?** A valoración deste apartado segue reflicta un grao de satisfacción moi elevado; dos resultados obtidos un 40,58% puntuou este apartado cun 5, un 17,65% puntuou cun 4 e un 8,23% cun 3.

4.3.- Avaliación cualitativa:

A valoración cualitativa do proxecto realizouse atendendo a distintos criterios:

a).- **Utilizando o “libro de visitas”** (elaborado dende o Centro de Día Arela); nel, calquera persoa que acudira ao mercadiño, podía facer constar a súa apreciación subxectiva. Recolleuse un total de **70 comentarios** e aportacións. A tónica xeral é moi positiva. Ofrécese unha mostra das aportacións:





Moi cwlo todo!
 Me parece una idea super original
 divertida, donde hay un aprendizaje
 y otra vez más diversión que es
 como realmente aprenden los niños
 (y los mayores) @
 Para esta hacer más
 agradable. Todo perfecto
 Me gusta mucho!!!
 Vale, manténlo así!

#CERKULO BARRIO
 #1509 FONTINAS
 Paula Fernández
 Muy interesante

QUE IDEA TAN
 MAGABILLOSA
 PARTICIPAR E
 TRAVAR VOSA
 Na boa unha idea
 super interesante
 Magnífico ambiente. GRAN INICIATIVA
 LARGA VIDA AO TRÓCAME-ROQUE

Hola son Lucia esta actividade é
 xenial, gusto me moito grazas por
 facela. Lucia
 Hba, da adevidade e xenial
 encantárame poder repetir
 Hola son Eba. Me divertín moito
 nesta actividade e espero volver
 a facela.
 Hola son Marco. e me gustaria
 repetir!!! Marco
 Hda, Sop a mi de ea. están faze os
 Rapaces super interesantes. E para des
 unha experiencia estrana

b).- E nos **cuestionarios** cumprimentados polos diferentes participantes tamén se fixeron suxestións e valoracións do proxecto. Pola súa importancia, imos realizar unha clasificación das mesmas atendendo a dous items: melloras relativas á organización e suxestións para vindeiras edicións:

MELLORAS NA ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE	SUXESTIÓNS PARA VINDEIRAS EDICIÓNS
Melloras relativas ao espazo físico: maior amplitude das mesas, contar cunha megafonía mellor, dispoñer de mais cadeiras, seguir contando con escenario para actuacións, etc.	Maior número de mercados solidarios; non limitarse cun anual.
Silencio nas actuacións. Mellorar a acústica; que se poidan escoitar as actuacións musicais.	Inchables. Xogos, xogos populares. Karaoke
	Festa ao rematar a actividade. Partido de futbol. un concerto.
	Torneos deportivos solidarios. Circuito de coches

Unha avaliación participativa e democrática, que fomentaba e invitaba a cada un dos participantes e/ou asistentes a ofrecer o seu punto de vista sobre o proxecto e a poder suxerir variantes para vindeiras edicións. Isto contribúe á nosa idea dunha comunidade aberta, flexible, que cree na diversidade como un potencial.

4.4.- A avaliación do grao de consecución de obxectivos:

Conxugamos agora os resultados acadados cos obxectivos establecidos no proxecto:

- ✚ **Fomentar a participación e a dinamización social na zona.** Considérase amplamente acadado este obxectivo si temos presente que 227 menores estiveron ao fronte dos postos do mercadiño, que houbo ao redor de 2000 persoas que asistiron ao mesmo, que moitas mais pasaron pola zona, cunha participación en obradoiros de 220 rapazas e rapaces e coa asistencia de 68 profesionais pertencentes a entidades sociais, sanitaria e educativas que apoiaban firmemente a iniciativa.
- ✚ **Reforzar os “espazos de encontro” e a “vida comunitaria”, nos que estean presentes os valores da igualdade e da solidariedade social.** Obxectivo amplamente acadado. Area Central, o 12 de maio, foi un “punto de encontro comunitario”, onde se reflectía a diversidade social que caracteriza o barrio;



onde a convivencia de distintas persoas con perfil moi variado foi positiva e enriquecedora; onde os principios de igualdade e de fomento da solidariedade estaban patentes nas veciñas e veciños.

- ✦ **Implicar e integrar a tódolos axentes sociais do barrio nunha mesma actividade.** Unha vez mais, as entidades socio-educativas do barrio souberon transmitir ao exterior o traballo en rede, que amplamente se consolidara en mais de quince anos de existencia. O 95 % das entidades formaron parte da Comisión Organizativa, e asumiron o traballo directo cos rapaces e rapazas, e tamén coa poboación en xeral, fomentado a dinamización social. As restantes, acudiron a presenciar a actividade.
- ✦ **Activar procesos de solidariedade entre a veciñanza, facéndoos conscientes de necesidades do barrio.** Un dos fins do proxecto era solidario; supoñía traballar cos rapaces e rapazas sobre as necesidades sociais existentes na actualidade, que non están afastadas deles. Supoñía traballar con toda a poboación que todos e todas podemos contribuír, na medida das nosas posibilidades, a acadar un fin social concreto e que podemos axudar ao benestar social do veciñanza. Si se activaron procesos de solidariedade, pero tamén é certo que son necesarias vindeiras edicións para reforzar os mesmos.
- ✦ **Impulsar actividades nas que nenos, nenas, mozos e mozas sexan os protagonistas.** Só hai que ver a participación directa dos rapaces (227) no mercadiño, a ilusión que mantiveron durante a xornada, a capacidade de empatía cos demais, etc.; visualizar comentarios do “libro de visitas” é útil para chegar a comprobar o cumprimento deste obxectivo. O alcance nos medios de comunicación e a visualización das diferentes imaxes axudan a entender o éxito neste apartado.
- ✦ **Concienciar aos menores sobre a realidade social e comunitaria na que viven e “espertar” neles iniciativas de índole solidaria.** Sería repetir o xa analizado para veciñanza. Un traballo directo cos menores realizado dende o IES Antonio Fraguas, CEIP Plurilingüe Monte dos Postes e CEIP Fontiñas, así como dende as entidades sociais, Cruz Vermella, Programa Abeiro, Fundación Secretariado Gitano, Asemblea de Cooperación pola Paz e Centro de Día Arela. Un traballo que comezou, con bos froitos no ano 2013, e que está amplamente consolidado no ano 2017.
- ✦ **Ofertar aos mais novos a posibilidade de que “sexan a voz” que transmita novas iniciativas comunitarias.** unha voz que foi deixada por escrito nos seus cuestionarios de avaliación; unha voz que foi recollida no “libro de visitas”; unha voz recollida tamén nas reportaxes de audiovisuais realizado, pero o mais importante, unha voz que se reflectiu na súa actitude e comportamento ao longo da xornada, na que só se pode dicir unha palabra: exemplar!.



5 : A m o d o d e r e s u m e :



O MERCADIÑO EN CIFRAS....

O ACADADO NO MERCADIÑO...

- + **Nº de postos no mercadiño = 53**
 - + **Nº de menores participantes nos postos do mercadiño = 227** (dos cales o 91,19 % correspondían ao sector da “infancia” -menos de 12 anos- e o 8,81 % á “adolescencia”, “mais de 12 anos”). Incremento de participantes con respecto á edición anterior: 9,6 %.
 - + **Nº de actividades de animación ao redor do mercadiño = 9.**
 - + **Nº de profesionais e de voluntarios ao fronte das actividades de animación = 41.**
 - + **Nº de participantes nas actividades de animación = 309.**
 - + **Nº de visitas aproximadas ao mercadiño = 1994 aprox.** (dato facilitado por Area Central).
 - + **Recadación = 2.259,4 €.** Evolución da recadación:
 - o **Ano 2013 (1ª ed.): 360,43 €** (fin solidario: destinado a apoiar a unha familia en situación de exclusión social).
 - o **Ano 2014 (2ª ed.): 604,02 €** (destinado a apoiar a familias en situación de precariedade económica, para a adquisición de material en Ensino Infantil).
 - o **Ano 2015 (3ª ed.): 2.002 €** (destinado a apoiar a familias en situación de precariedade económica, para a adquisición de material en Ensino Infantil).
 - o **Ano 2016 (4ª ed.): 2.119,88 €** (destinado a apoiar a familias en situación de precariedade económica, para a adquisición de material en Ensino Infantil, banco de libros e actividade con dobre fin: comunitario e educativo).
-
- + **Importante participación. A convivencia, unha “atmósfera cálida”, a ausencia de conflitos, a diversidade social, a pluralidade.**
 - + **A duración do mercadiño foi superior, dado o “bo ambiente” que reinou durante a xornada.**
 - + **A petición das rapazas e rapaces a repetir a experiencia; as suxestións de mellora.**
 - + **A valoración positiva do vecindario sobre a iniciativa, o proxecto e as actividades de animación.**
 - + **O recoñecemento por parte dos asistentes á organización da actividade, froito do traballo en rede comunitario.**
 - + **O firme apoio do centro comercial Area Central no reforzo das actividades comunitarias.**






Dende aquí, as profesionais que suscribimos este documento desexamos facer constar os nosos **AGRADECEMENTOS**:

- *Ás rapazas e rapaces do CEIP Fontiñas, CEIP Plurilingüe Monte dos Postes, IES Antonio Fraguas, Programa Abeiro, Centro de día Arela, Cruz Vermella, Fundación Secretariado Xitano e Arela, polo voso esforzo, pola vosa implicación, pola enerxía, pola ilusión... Sen vós, isto non sería posible!. Á importante labor de concienciación, dinamización e organización levada a cabo polos profesionais das mencionadas entidades, que demostraron que “con ganas e ilusión, un proxecto pode materializarse”.*
- *Ás súas familias, pola colaboración nas actividades propostas, pola implicación amosada e por contribuir a que un proxecto se faga realidade.*
- *Aos diferentes profesionais do ámbito educativo, sanitario e social, que evidenciaron o seu apoio a unha iniciativa comunitaria coa súa presenza e participación. En especial a xefa de sección de servizos sociais (Eva González) polo súa vinculación e compromiso co barrio.*
- *Á capacidade de traballo en rede amosada polos técnicos da UTS Fontiñas, Programa municipal de Prevención, programa municipal socioeducativo, IES Antonio Fraguas, CEIP Fontiñas, CEIP Plurilingüe Monte dos Postes, Cruz Vermella, Fundación Secretariado Xitano, Programa de atención a familias “Abeiro”, Centro de Día “Arela”, Centro de Saúde de Fontiñas e Asemblea de Cooperación pola Paz. Compartimos traballo, compartimos enerxía, e tamén logros!.*
- *Ao compromiso coa experiencia comunitaria realizado pola Xerencia do Centro Comercial “Area Central”, amosando a súa implicación social co barrio no que se asenta. Tamén á Asociación Solfa, por ser un firme apoio na actividade comunitaria e amosar unha implicación xenerosa coa mesma.*
- *... e fundamentalmente ás veciñas e veciños de Fontiñas, que tentan a través da súa participación nos distintos proxectos, converter ao seu barrio nunha verdadeira comunidade.*
- *O agradecemento para todos aqueles que coa súa contribución fixeron que unha pequena “idea” se convertera nun importante “proxecto social”, onde a convivencia e a diversidade foron os piares básicos, ao tempo que se teceron lazos de solidariedade social. Grazas.*

E tamén...

- *A Concepción Fernández Fernández, Concelleira de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde, por sumarse ás iniciativas xa consolidadas no barrio de Fontiñas. Pola ilusión amosada e polo empuxe ás iniciativas técnicas.*

¡Gracias!



A n e x o s



7.1. Actividads nos medios de comunicación.



DIFUSIÓN PREVIA A ACTIVIDADE

http://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/santiago/2017/05/09/area-central-acoge-mercado-solidario-trocame-roque-entidades-sociales/0003_201705S9C3994.htm

☰ *La Voz de Galicia*

Área Central acoge el mercado solidario Trócame-Roque para entidades sociales

El objetivo es sufragar un proyecto solidario en el barrio y concienciar a la comunidad sobre las necesidades de quienes tienen menos recursos

f t e 0

M. M.
SANTIAGO / LA VOZ 09/05/2017 05:00

El centro comercial Área Central acogerá este viernes, 12 de mayo, entre las 17.30 y 20.00 horas, la quinta edición del mercadillo solidario Trócame-Roque, organizado por la red comunitaria de Fontiñas, que agrupa a diversas entidades sociales, y el Concello.

El objetivo de este mercadillo es sufragar un proyecto solidario del barrio y, aunque sus organizadores reconocen que la recaudación será simbólica, la intención es destinar los recursos a colaborar con los gastos en material escolar para los niveles de Infantil y también con el banco de libros de los centros educativos.

Con esta actividad se quiere concienciar a los menores sobre la realidad social y comunitaria y despertar en los más jóvenes el interés por las iniciativas de índole solidaria.

Cada puesto donará un mínimo del 50 % de lo recaudado y el mercado contará con diversas actuaciones, como la de la Coral Solfa, además de break, beatbox y parkour. También habrá talleres y se elaborará un graffiti conmemorativo del mercadillo.

<http://lindeiros.gal/trocame-roque-area-central/>

| A quinta edición do mercadillo solidario Trócame-Roque en Area Central

BY LINDEIROS ON 12 MAIO, 2017

SANTIAGO

Compostela, 12 de maio do 2017 – Area Central acolle hoxe o mercadillo xuvenil Trócame-Roque, que alcanza este ano a súa quinta edición.

Un total de 230 mozos do barrio de Fontiñas poñerán á venda diferentes obxectos de segunda man ou elaborados por eles mesmos, co obxectivo de recadar fondos para sufragar unha iniciativa solidaria do barrio.

Trócame-Roque poderase visitar na esquina vermella de Área Central, en horario de 17.00 a 20.00 horas. Esta iniciativa, que conta coa colaboración do Concello de Santiago, está organizada por varias entidades sociais do barrio de Fontiñas, como IES Antonio Fraguas, CEIP Fontiñas, CEIP Monte dous Postes, Centro de día Arela, Cáritas Parroquial das Fontiñas, Programa de Atención a Familias Abeiro, Cruz Vermella, Fundación Secretariado Xitano, Asemblea de Cooperación pola Paz, entre outras.

Ademais dos propios postos atendidos polos mozos participantes, tamén haberá varias actividades lúdicas como exhibicións de breakdance, parkour, un planetario, a actuación da coral Solfa e talleres infantís de chapas, maquillaxe, globoflexia, entre outros.





<http://www.elcorreogallego.es/santiago/ecg/area-central-acolle-v-edicion-do-mercadiño-solidario-trocame-roque/idEdicion-2017-05-08/idNoticia-1054292/>

Comentar (0) Imprimir Enviar por correo



SANTIAGO. CDS | 08.05.2017



A concelleira de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde, Concha Fernández, presentou este luns a quinta edición do mercadiño solidario Trócame-Roque, que dende 2013 organiza a rede comunitaria de Fontiñas. Desenvolverase este venres 12 de maio de 17.30 a 20.00 horas. Na rolda estivo acompañada de representantes das entidades que participan na organización do evento.

O proxecto enmárcase dentro do traballo comunitario que se está levando a cabo no barrio das Fontiñas e no que participan as seguintes entidades: IES Antonio Fraguas, CEIP Fontiñas, CEIP Monte dos Postes, Centro de Día Arela, Cáritas Parroquial das Fontiñas, Programa de Atención a Familias Abeiro (tamén pertencente a Cáritas Diocesana), Cruz Vermella, Fundación Secretariado Xitano, Asemblea de Cooperación pola Paz, Centro de Saúde de Fontiñas, colectivo Barriopía e, por suposto, a Concellaría de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde (a través da UTS Fontiñas, Programa Municipal Socioeducativo e Programa Municipal de Prevención).

Proxecto solidario

O obxectivo da organización deste mercadiño é sufragar un proxecto solidario situado no propio barrio das Fontiñas. "Se ben somos conscientes de que o que se recade vai ser algo simbólico, preténdese este ano que o importe se destine basicamente a colaborar na financiación do gasto dalgunha necesidade socioeducativa detectada na zona, canalizado a través de entidades sociais".

Esta necesidade estaría vinculada ao Ensino Infantil, por ser a etapa de escolarización (non obrigatoria) que presenta unha situación de maiores gastos en material para as familias, dado que non dispoñen de becas ao efecto. Tamén se vai colaborar cos bancos de libros dos referidos centros educativos e mesmo á implementación de calquera acción que teña un dobre enfoque, comunitario e socioeducativo.

Trátase dun proxecto no que as persoas que teñen o protagonismo son os mais novos e novas, as rapazas e rapaces do barrio, que se converten en axentes de solidariedade social. Preténdese concienciar aos menores sobre a realidade social e comunitaria na que viven e "espertar" neles iniciativas de índole solidaria.

Ao mesmo tempo, téntanse reforzar os espazos de encontro e de vida comunitaria, nos que estean presentes aspectos tan importantes como a interxeneracionalidade, a igualdade e a solidariedade social, dentro dun marco de convivencia positiva. A proposta consiste en levar a cabo un mercadiño desenvolvido principalmente por participantes infantís e xuvenís (de 8 a 18 anos), no que haxa diferente oferta de intercambio baseado na venda e no troco de: produtos feitos a man por eles mesmos e produtos de segunda man como cómics, libros, xogos, xoguets, videoxogos, CDs, DVDs.

Cada posto doará a cantidade que, en conciencia, considere debe aportar, aínda que se establece un mínimo do 50% do recadado (quedando o 50% restante para sufragar os gastos de material xa adiantados polos participantes). Ao redor do mercado celebráranse outras actividades de animación, para fomentar a participación e reforzar eses espazos de convivencia.



http://santiagodecompostela.gal/hoxe/nova.php?lg=gal&id_nova=15980

CONCELLO DE SANTIAGO

CONCELLARIAS
XUNTA DE GOBERNO
PLENO
GRUPOS MUNICIPAIS
ALCALDÍA
COMISIÓNS
SERVIZOS MUNICIPAIS
RAXOI
GUÍA DE COMUNICACIÓN
NOTICIAS
Buscador
SERVIZO DE PRENSA
CONTACTO
SUBSCRICIÓN
AXENDA

POLÍTICAS SOCIAIS

Área Central acolle a V edición do mercadoño solidario "Trócame-Roque"

08/05/2017 A concelleira de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde, Concha Fernández, presentou esta mañá a quinta edición do mercadoño solidario *Trócame-Roque*, que dende 2013 organiza a rede comunitaria de Fontiñas. Na rolda estivo acompañada de representantes das entidades que participan na organización do evento.

O proxecto enmárcase dentro do traballo comunitario que se está levando a cabo no barrio das Fontiñas e no que participan as seguintes entidades: IES Antonio Fraguas, CEIP Fontiñas, CEIP Monte dos Postes, Centro de Día Arela, Cáritas Parroquial das Fontiñas, Programa de Atención a Familias Abeiro (tamén pertencente a Cáritas Diocesana), Cruz Vermella, Fundación Secretariado Xitano, Asemblea de Cooperación pola Paz, Centro de Saúde de Fontiñas, colectivo Barriopía e, por suposto, a Concellaría de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde (a través da UTS Fontiñas, Programa Municipal Socioeducativo e Programa Municipal de Prevención).

Proxecto solidario
O obxectivo da organización deste mercadoño é sufragar un proxecto solidario situado no propio barrio das Fontiñas. "Se ben somos conscientes de que o que se recade vai ser algo simbólico, preténdese este ano que o importe se destine basicamente a colaborar na financiación do gasto dalgunha necesidade socioeducativa detectada na zona, canalizado a través de entidades sociais".

Esta necesidade estaría vinculada ao Ensino Infantil, por ser a etapa de escolarización (non obrigatoria) que presenta unha situación de maiores gastos en material para as familias, dado que non dispoñen de becas ao efecto. Tamén se vai colaborar cos bancos de libros dos referidos centros educativos e mesmo á implementación de calquera acción que teña un dobre enfoque, comunitario e socioeducativo.

Trátase dun proxecto no que as persoas que teñen o protagonismo son os mais novos e novas, as rapazas e rapaces do barrio, que se convirten en axentes de solidariedade social. Preténdese concienciar aos menores sobre a realidade social e comunitaria na que viven e "esperar" neles iniciativas de índole solidaria.

Ao mesmo tempo, téntanse reforzar os espazos de encontro e de vida comunitaria, nos que estean presentes aspectos tan importantes como a interxeneracionalidade, a igualdade e a solidariedade social, dentro dun marco de convivencia positiva. A proposta consiste en levar a cabo un mercadoño desenvolvido principalmente por participantes infantís e xuvenís (de 8 a

Presentación do mercadoño.

Outro momento da rolda de prensa.

http://www.compostelaintegra.org/actualidade/nova.php?id_post=1894&lg=gal

NOVAS

0 12 DE MAIO NO CC ÁREA CENTRAL
DESDE AS 17:00 ATÁ AS 20:00

12/05/17
BARRIO FONTIÑAS: UNIDADE MUNICIPAL DE ATENCIÓN AS FAMILIAS (UAF)
MERCADO SOLIDARIO TROCAME-ROQUE (V edición)

Hoxe pola tarde en xornada da 17:00 a 20:00 horas en AREA CENTRAL terá lugar a V edición do Mercado Solidario TROCAME-ROQUE.

Anímate a participar!!!!!!

O redor do mercado organizaranse as seguintes actividades:

- 17,30 horas. Inauguración do mercadoño a cargo da Concelleira de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde e dous rapaces do CEIP Fontiñas
- 17,40 horas: Actuación musical da Coral Solfa.
- 17,50 horas: Comenzará a elaborarse o graffitti conmemorativo deste mercadoño solidario.
- 18,00 horas: Obradoiro de Break e Parkour en simultáneo.
- 19,30 horas: Actuación de Break e beatbox.
- 19,45 horas: Actuación de Parkour.

Ao longo da tarde:

- Obradoiros implementados dende Cruz Vermella: maquillaxe, globoflexia.
- Obradoiro de "Leva a túa chapa personalizada" implementado pola Asemblea de Cooperación pola Paz.
- Photocoll, actividade a cargo do colectivo Barriopía.
- Planetario móbil: "Vive o mundo a astronomía e a bioloxía" a través da Obra social "La Caixa".

Durante a xornada o colectivo Barriopía levará a cabo unha reportaxe gráfica a coa finalidade de crear un vídeo de difusión sobre o mercadoño



<http://nostelevisión.gal/2chega-a-v-edicion-do-mercadiño-solidario-trocame-roque/>

nós ÁREA COMPOSTELA VIDEOBLOGUES ~ A CÁMARA BRANCA MÁIS AL

Área Compostela

Chega a V edición do mercadiño solidario "Trócame-Roque"

Área central acollerá este evento solidario desde ás 17:00h deste vindeiro venres

8 Maio, 2017

f Compartir no Facebook

Twitter Compartir no Twitter

G+

P

Esta mañá tivo lugar a presentación da quinta edición de Trócame-Roque, o mercadiño solidario que se leva organizando no barrio de Fontiñas desde o ano 2013 e que, desta volta, terá lugar o vindeiro venres 12 de maio en Área Central.

Unha aposta por unha cidadanía "máis comprometida e solidaria"



<http://www.santiagoturismo.com/axenda-cultural/iv-trocame-roque>

Este sitio web utiliza cookies propias de sesión y analíticas de terceros que nos aportan datos estadísticos del tráfico web y se van a utilizar para mejorar su experiencia de navegación.

[Qué hacer](#) [Axenda cultural](#)

Si continúa navegando, consideramos que acepta su uso. Para obtener más información y/o cambiar la configuración pinche [aquí](#). Aceptar

IV Mercadillo solidario 'Trócame-Roque'


[Centro Comercial Área Central](#)

Categorías: [Oros](#)

Etiquetas: [Fin de semana](#), [Centro comercial Área Central](#), [Shopping](#), [Solidaridad](#)

Mercadillo solidario infantil y juvenil de venta e intercambio de artigos de segunda mano y artesanos. Se trata de una iniciativa solidaria a favor de las familias desfavorecidas del barrio compostelano de Fontiñas que además pretende concienciar sobre la necesidad de dinamización social del barrio.

Más información



Lugar: [Centro Comercial Área Central](#)
 Localización: Plaza de Europa, Santiago de Compostela, 15707
 Hora de inicio: 16:30:00
 Fecha de inicio: 20/05/2016
 Horario: 16:30 - 19:30 h



Ciudades
Patrimonio
de la Humanidad
SEPARA UNITE



IMPACTO NOS MEDIOS DA ACTIVIDADE:

<https://www.facebook.com/area.central/>

Area Central Centro Comercial · Compañía y autoría
12 de mayo a las 7:28 · Horario: 9:00-22:00 · Cierre dentro de 60 minutos

Preparados para recibir esta tarde a máis de 230 rapaces que participan na quinta edición do mercadillo solidario "Trócame -Roque", no que están implicados o Concello de Santiago de Compostela e varias entidades sociais e educativas do barrio de Fontiñas.

ventas al por menor · Centro comercial · Area

Me gusta · Comenta



7 . 2 .
A
a
c
t
i
v
i
d
a
d
e
e
n
i
m
a
x
e
s
.



V TRÓCAME-ROQUE EN IMAXES

O 12 DE MAIO NO CC ÁREA CENTRAL
DESDE AS 17:00 ATA AS 20:00



V TRÓCAME-ROQUE

NON TE PERDAS O V MERCADIÑO
SOLIDARIO PARA RAPACES E RAPAZAS



APÚNTATE EN:
CRUZ VERMELLA, IES ANTONIO FRAGUAS,
CEIP DE FONTIÑAS E CEIP MONTE DOS POSTES





**XUNTANZAS DE BARRIO. ARGALLANDO TODO... NOVAS IDEAS,
NOVOS OBRADOIROS,**




**PRESENTAMOS O PROXECTO EN ROLDA DE PRENSA NO CONCELLO
UNHA REPRESENTACIÓN DE ENTIDADES DO BARRIO
ACOMPAÑANDO A CONCHA FERNÁNDEZ, CONCELEIRA DE
POLÍTICAS SOCIAIS.**





OS PREPARATIVOS





MELLORANDO A ORGANIZACIÓN: EQUIPOS, SECCIÓNS, TAREFAS...

ORGANIZACIÓN V MERCADILLO 2017

12:00 – PREPARACIÓN ÁREA CENTRAL (Quedamos varios)

- Confirmar las meriendas.
- Distribuir los grupos por mesas.
- Colgar carteles.
- Establecer mesa de entidades y talleres.
- Revisar organización tarde.

17:00 – ORGANIZACIÓN GENERAL (MIRAR PLANO)

Ámbito PLANO y colocación de puestos:


Isle 1 y 2: CEIP Fontiñas.

Isle 3: Cruz Roja y CEIP Monte dos Postes

Isle 4: IES Antonio Fraguas, Arela, Secretariado, Abeiro

TAREAS A PRIMERA HORA:

- Revisar precios y productos:
 - Judith, Marga y Alcira (Isle 1)
 - Jorge y Secretariado (Isle 2)
 - ACPP y Bea (Isle 3)
 - Ies Antonio Fraguas y Chus (Isle 4)
- Repartir cajas de donativos para talleres (Abeiro)



17:30 – PRESENTACIÓN (Concha y 2 niños)

18:00 - MERIENDAS (Ira buscarlas y repartirlas)

- Prácticas Corcello y Alcira (Isle 1)
- Marga y Bernio pé (Isle 2)
- Fernando y Cruz Vermella (Isle 3)
- Arela y Secretariado (Isle 4)

19:30- EVALUACIONES (las tenemos guardadas en el puesto de Abeiro, repartirlas y recogerlas)

ISLAS 1 Y 2: Jorge y prácticas Corcello

ISLAS 3 Y 4: Bernio pé y Abeiro

Libro de Visitas (Mila)

19:50- RECAUDACIÓN (las cajas estarán guardadas en el puesto de Abeiro)

ISLA 1: Judith y Marga

ISLA 3: Fernando y Chus

ISLA 2: Secretariado y Bea

ISLA 4: Arela y Bernio pé

20:00- RECOGER (RETIRAR CARTELES Y REVISAR QUE TODO QUEDA EN ORDEN):

Mila, Alcira, Jorge, ACPP

20:10 CONTABILIDAD (Servicios Sociales y Abeiro)



OS POSTOS DE VENDA E TROCO






OBRADOIROS







**7 . 3 . s o p o r t e s .
d o c u m e n t a i s .**



a).- Cartel divulgativo:

Utilizouse o cartel do ano pasado, actualizando data e logos das entidades participantes. Este foi realizado pola orientadora do IES Antonio Fraguas e a súa impresión foi a cargo de Área Central, traballadoras sociais da UTS Fontiñas e educadora social do Programa Municipal Socioeducativo.

**O 12 DE MAIO NO CC ÁREA CENTRAL
DESDE AS 17:00 ATA AS 20:00**

V TRÓCAME-ROQUE
**NON TE PERDAS O V MERCADIÑO
SOLIDARIO PARA RAPACES E RAPAZAS**

APÚNTATE EN:
CRUZ VERMELLA, IES ANTONIO FRAGUAS,
CEIP DE FONTIÑAS E CEIP MONTE DOS POSTES



b).- Folla de inscrición:

FOLLA INSCRICIÓN		V TRÓCAME – ROQUE NO CC AREA CENTRAL DE 17:00 A 20:00H.																			
Todas as persoas que conformen un grupo deberán entregar ó mesmo tempo as súas inscricións.		Dentro das iniciativas comunitarias do Barrio de Fontiñas, Cruz Vermella, e o resto de entidades sinaladas teñen previsto organizar a 5ª Edición do MERCADO TRÓCAME-ROQUE. O Mercado Trócame-Roque desenvolverase o venres 12 de maio de 2017 en horario de 17:00 h a 20:00 h no Centro Comercial ÁREA CENTRAL. Procurárase a implicación dos máis cativos/as nas accións solidarias, de tal xeito, que a participación como xerentes dos postos estará reservada para ces nenos/as, mozos/as situados nunha franxa de idade de 8-18 anos. A inscrición poderase levar a cabo do 4 de abril ó 2 de maio de 2017, ambos incluídos, nos locais de Cruz Vermella en horario de 9 a 14h e de 16h a 18.30h. Así como no IES Antonio Fraguas, no CEIP Plurilingüe Monte dos Postes e CEIP das Fontiñas. Para formalizar a solicitude de participación, débese cubrir adecuadamente a folla de inscrición e a autorización debe estar asinada pola nai/pai/titor/a. É necesario que tódolos implicados na actividade aporten a taxa de inscrición (1€ por cada participante) que será destinada ó Proxecto Solidario 2017*. É requisito fundamental, que todas as persoas que conforman o grupo, entreguen as súas inscricións ó mesmo tempo, para validar a existencia de dita unidade grupal. Para ampliar a información sobre esta iniciativa, pódese consultar a seguinte páxina: http://www.compostelaintegra.org * Financia o custo daquinta necesidade socioeducativa do barrio de Fontiñas																			
<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 30%; text-align: center;">NOME DO POSTO</td> <td colspan="2"></td> </tr> <tr> <td style="text-align: center;">PARTICIPANTES DO GRUPO</td> <td colspan="2"></td> </tr> <tr> <td style="font-size: x-small;"> (Nome e apelidos) Engadir correo electrónico e teléfono de contacto. </td> <td colspan="2"></td> </tr> <tr> <td style="text-align: center;">PRODUCTO A TROCAR OU VENDER*</td> <td style="text-align: center;">VENDA</td> <td style="text-align: center;">TROQUE</td> </tr> <tr> <td style="font-size: x-small;"> Describir brevemente o que idas ter no posto </td> <td></td> <td></td> </tr> <tr> <td style="text-align: center;">COLEXIO / INSTITUTO/ENTIDADE</td> <td colspan="2"></td> </tr> </table>	NOME DO POSTO			PARTICIPANTES DO GRUPO			(Nome e apelidos) Engadir correo electrónico e teléfono de contacto.			PRODUCTO A TROCAR OU VENDER*	VENDA	TROQUE	Describir brevemente o que idas ter no posto			COLEXIO / INSTITUTO/ENTIDADE			O 12 DE MAIO NO CC AREA CENTRAL DESDE AS 17:00 ATA AS 20:00 NON TE PERDAS O V MERCADIÑO SOLIDARIO PARA RAPACES E RAPAZAS CRUZ VERMELLA, IES ANTONIO FRAGUAS, CEIP PLURLINGÜE MONTE DOS POSTES E CEIP DAS FONTIÑAS www.compostelaintegra.org		
NOME DO POSTO																					
PARTICIPANTES DO GRUPO																					
(Nome e apelidos) Engadir correo electrónico e teléfono de contacto.																					
PRODUCTO A TROCAR OU VENDER*	VENDA	TROQUE																			
Describir brevemente o que idas ter no posto																					
COLEXIO / INSTITUTO/ENTIDADE																					
CONDICIÓN DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO MERCADIÑO Cruz Vermella, con CIF Q2866001G en nome da Rede Comunitaria do Barrio de Fontiñas, organizadora deste Mercado, ten autorización para a presenza dos postos do Mercado Trócame - Roque, que terá lugar o día 12 de maio de 2017, entre ás 17:00h e as 20:00h no Centro Comercial Área Central. Esta é unha actividade comunitaria levada a cabo grazas ó traballo de persoas voluntarias e enmarcada nun contexto de desenvolvemento comunitario do Barrio de Fontiñas e onde os obxectivos a acadar son: - Implicar e integrar a tódolos axentes sociais do barrio nunha mesma actividade. - Impulsar actividades nas que nenos, nenas, mozos e mozas sexan protagonistas. - Activar procesos de solidariedade entre a veciñanza, facéndoos conscientes das necesidades do barrio. - Promover a integración das persoas de orixe estranxeira nas actividades do barrio. - Promover espazos de encontro interxeneracional.		SENDO DEBIDAMENTE INFORMADO ACEPTO AS NORMAS DE FUNCIONAMENTO E ORGANIZACIÓN NO MERCADIÑO. AUTORIZACIÓN DE PARTICIPACIÓN: Eu _____ con DNI _____ como nai/pai/titor/a legal de _____ de _____ anos de idade e con DNI/NIE _____ autorizo a participar ó/a meu/ña fillo/a , na V Edición do Mercado Trócame- Roque que se desenvolverá o venres 12 de Maio de 2017 no CC Área Central (Fontiñas). VENDER (repostaría ou artesanía caseira): Os participantes no mercado, asignarán un valor ós obxectos expostos, de tal xeito que as persoas que desexen adquirir estes aboarán a cantidade establecida, que será doada a causa social deste ano. TROCAR: xogos, xoguetes, videoxogos ou libros.																			
A Rede Comunitaria do Barrio de Fontiñas é a única habilitada para designar os espazos autorizados nos que montar os postos. Só está permitida a venda de produtos feitos a man polos/as participantes e o troque de produtos de segunda man que se relacionan a continuación: cómics, libros, xogos, xoguetes, videoxogos, cds, dvds. Todas as solicitudes deberán ir acompañadas da autorización e cadro de inscrición cumprimentados axeitadamente e asinado pola nai/pai/titor/titora; de non cumprirse este requisito, non se formalizará a solicitude e posterior inscrición. Establécese un máximo de 50 postos. A organización resérvase o dereito de denegar ou retirar o permiso ós postos que incumpran as condicións indicadas no presente texto. Os menores de 12 anos deberán estar acompañados por un adulto durante a xornada. Establécese unha achega mínima do 50% do recadado ao fin solidario marcado neste proxecto, sendo o restante para ces/as rapaces/zas participantes. Existe a posibilidade de doar ata 100% do recadado.		> Achégase unha taxa de inscrición simbólica, 1€ por participante que será destinado ó Proxecto Comunitario do Trócame-Roque 2017. > AUTORIZACIÓN PARA O USO DA IMAXE De forma voluntaria e con carácter gratuito, autorizo á Cruz Vermella, con CIF. Q2866001G, como representante da Rede Comunitaria do Barrio de Fontiñas, para que as fotografías e/ou gravacións que podan ser realizadas ó/a meu/ña fillo/a durante as actividades da V Edición do Mercado Trócame-Roque, sexan utilizadas por esta mesma rede comunitaria, de forma atemporal, en calquera publicación ou acción publicitaria e/ou dos medios de comunicación presentes no evento. > Ó marcar este recadro, acepto formar parte dunha base de datos xestionada baixo a responsabilidade da Rede Comunitaria do Barrio de Fontiñas, que garante a confidencialidade dos datos persoais das/dos participantes. Esta información, será unicamente empregada para a comunicación cos participantes, cos seus pais/nais/titores/as, ou para informar doutras actividades comunitarias desenvolvidas posteriormente á realización desta V edición do Mercado Trócame-Roque. Se desexa cancelar a subscripción á canle informativa da Rede Comunitaria de Fontiñas, rogámosse comunique por correo electrónico ó seguinte enderezo: santiago@cruzroja.es .																			
		Sinatura: _____																			



c).- Cuestionario de avaliación:

**Por favor,
AXÚDANOS A MELLORAR!!!!**

Pregaríamos que fixeras constar a túa valoración sobre o **PROXECTO TRÓCAME-ROQUE: Mercadiño solidario para rapazas e rapaces de Fontiñas.**

Os ítems de valoración van do 1 ao 5, onde o 1 é a valoración mais baixa (nada satisfeito) e o 5 a valoración mais elevada (moi satisfeito). Risca o que proceda:

1.- Cómo valoras a iniciativa? 1 2 3 4 5

2.- Que grao de interese ten o proxecto solidario ao que vai destinado o proxecto?

(Nesta ocasión é para unha **necesidade** socioeducativa do barrio vinculada ó

Ensino Infantil) 1 2 3 4 5

3.- Como valoras as actividades de animación (actuacións, obradoiros...) levadas a cago ao

longo da xornada? 1 2 3 4 5

4.- Suxestións para a realización doutras actividades comunitarias do Barrio de Fontiñas:

Moitas gracias pola túa colaboración!, esperamos volver a verte axiña!

Actualizado o contido pola educadora social do programa municipal socioeducativo. Impresión de 250 cuestionarios a cargo da educadora social do Programa municipal Socioeducativo e traballadoras sociais da UTS Fontiñas.



d).- Libro de visitas:

Realizado, un ano mais, dende o Centro de Día Arela.






e).- Cartel divulgativo do proxecto:



Elaborado pola educadora social do Programa municipal Socioeducativo (Servizos Sociais Comunitarios).

g).- Peto Solidario:



Elaborado, un ano mais, polas educadoras social do Programa de atención a familias Abeiro.



A modo de reflexión...

As persoas que integramos as xuntanzas comunitarias de Fontiñas o temos claro... Se hai unha palabra que define o barrio esa é a de **DIVERSIDADE**; se houbo unha dificultade que afrontar durante anos, esa era a falta de pertenza ao barrio, conformado por xente procedente de zonas moi diversas, cunha dinámica relacional comunitaria feble.

Pero o *V Mercadiño Solidario Trócame-Roque* ven a darnos a todas e a todos unha gran lección. Fontiñas séguese caracterizando pola súa diversidade, no eido social, étnico, económico, cultural, etc. Pero as súas veciñas e veciños saben xuntarse cun fin común, axudar aos que están ao seu carón, a aquelas persoas que teñen dificultades, e desexan transmitirllle ese principio aos máis novos. Unha lección de “*ben estar e de ben actuar*”, na que nais e pais se unen aos seus fillos cun fin común: **a solidariedade**.

O principio sobre o cal xiran tódalas actividades comunitarias de Fontiñas é o de **CONVIVENCIA**. O mercadiño supuxo un acto máis no que todos xuntos traballamos compartindo un desexo: o benestar dos máis novos. E estes foron os verdadeiros protagonistas da xornada: rapazas e rapaces, algún con algunha dificultade persoal (polo que aínda o valoramos máis se cabe), puxeron en común o seu esforzo, as súas enerxías e, tamén, as súas risas, para facer da xornada un día inesquecible.

Sóbose compartir tempos, sóbose compartir enerxías, sóbose compartir traballo e, tamén, ledicia!. Isto é o que encerra o concepto de convivencia.

As entidades da rede comunitaria pretendíamos un ano máis realizar un **proxecto socioeducativo no que se incidira:**

- ✦ Na **diversidade social**, como elemento enriquecedor de todo barrio.
- ✦ Na **igualdade**, que vai máis alá de cuestións de xénero; afecta a estas, pero tamén á participación, á colaboración, á implicación, etc. Factores socioeconómicos, étnicos ou, incluso, de índole persoal, non poden ser un impedimento para a igualdade social.
- ✦ Na **convivencia positiva**, dende o respecto á diferenza; este é o eixe que debe vertebrar tódolos ámbitos da intervención, o educativo e o social.
- ✦ As familias e as institucións temos unha importante labor na **coeducación dos máis novos**. Que se impliquen en accións solidarias é reforzar o seu compromiso co benestar do seus grupo de iguais e dos seus veciños.

Por esa gran lección, ás veciñas e veciños do barrio de Fontiñas: GRAZAS!